

Campaña de dinamización comunitaria



Mensaxe

Comparte as túas fotografías históricas, que de seguro atoparás nas túas caixas de recordos, álbums de fotos... Para poder compartilas con nós e os demais veciños e veciñas. Atoparás que non estás en soidade e entre todas e todos poderemos compartir toda esa riqueza histórica de Bergondo.

Que é?

É unha campaña de dinamización comunitaria que o Concello de Bergondo pon en marcha coa intención de ofrecer **unha mirada nostálxica ao pasado e ter a posibilidade de reconstruír a historia persoal e familiar dos veciños e das veciñas de Bergondo.**

Para que?

A intención é fuxir das campañas que se veñen realizando desde hai un mes con slogans ou mensaxes que invitan a quedar na casa; en Bergondo queremos dar un paso diferenciador queremos poñer o foco no “antes de”, queremos saber que facían os nosos antepasados, avós ou avóas e pais e nais.

Nestes momentos, debido á obriga de respetar o confinamento domiciliario, os veciños e veciñas de Bergondo, teñen máis tempo para **consultar álbums** e caixas antigas de fotografías e recordos. Ben por estar sós ou soas, ben como actividade interxeracional ou para participar en campañas en redes sociais.

BERGONDO EN IMAXES: Comparte os teus recordos!

Mentras colaboran nesta campaña poden recordar a súa propia historia e a dos seus antepasados, así como rememorar vellos tempos, comentalos coa familia ou cos máis xóvenes e compartir toda esa riqueza histórica con nós.

Como participar e como enviar as fotografías?

As fotografías coas que desexedes participar nesta campaña poderán ter as seguintes características:

- En branco e negro ou en cor
- Ata 1980
- Cada arquivo (jpg ou png) como máximo de 2 MB

Para isto invítase á poboación a que participe achegando as fotografías (non importa a técnica, nin a calidade artística...), cos seguintes datos:

- Nome da persoa propietaria da foto (ou familia)
- Datos de contacto (correo electrónico e teléfono)
- Título da fotografía
- Se é posible, descrición desta (tamén se poden achegar anécdotas relacionadas, comentarios...)
- Data da fotografía (se non se sabe, indicar década ou data máis aproximada)

As fotografías pódense enviar aos seguintes enderezos electrónicos:

- marta.lopez@bergondo.gal
- josefina.maestu@bergondo.gal

As fotografías recompiladas nesta campaña serán utilizadas polo Concello de Bergondo:

- Para fins culturais
- Para publicalas na páxina web e en redes sociais do concello

A campaña iniciarase na páxina web e en redes sociais do Concello de Bergondo, facendo un chamamento á participación dos veciños e veciñas.

Dereitos de imaxe: aquelas persoas que envíen o seu arquivo están autorizando ao Concello de Bergondo a súa utilización e difusión.